

SANTELLOS

Un llugar chen d'hestorias

↓ Everardo Fernández González

Dende A Roda chéganos úa colaboración d'Everardo Fernández, un trabayador incansable nel mundo dos grupos de teatro locales.

Fálanos Everardo del sou barrio, Santellos, unde s'amesturan fantaxía popular y hestoria.



A Praza da Roda, centro das actividades da parroquia

d'úa casa que se chama del *Vermuxo* úas pedras llabras en forma d'arco que, a bon seguro, eran as qu'amañaban el arco da porta principal y, además, hai un eiro allí mesmo que ye chaman *da Capiya*. Por se fora pouco, D. Bonifacio Amago, nel llibro qu'escribiu nel ano 1952, *Castellanas del Suarón*, fai mención a este feito hestórico: non sólo á existencia da capiya en cuestión senón a que foi trasladada a Santa María del Monte y deu orixe al actual iglesia dos Mártires. Queda claro polo tanto —según D. Bonifacio— que foi non sólo úa capiya sin más senón el principio da iglesia

Foto: ASTURIAN PAREDES

Vou escribir un relato breve del meu pobo: Santellos. A ortografía nun sei cómo vai andar porque, dende que salín da escola hai cincuenta y seis anos, nun la practiquéi muito.

Santellos é un llugar da parroquia da Roda (Tapia) que —pol mesmo medio das casas— cruza a carretera que vai a Porcía dende A Roda. D'aquí ás primeiras casas de Santellos hai pouco más de medio quilómetro y el recorrido pol medio del barrio é d'un quilómetro. Somos deciséis vecíos —quere se dicir, deciséis familias— con un total de sesenta y cuatro habitantes.

Todo esto nun ten ningúa importancia. Lo que si la ten é que neste llugar dícese qu'había úa capiya y na capiya un santo que se chamaba *San Tellos* y d'ei dice a xente que ye vén el nome.

A existencia da capiya en cuestión foi pasando de xeneración en xeneración. Eu acórdome d'ouguiryes a us veyos del pobo hasta el sito unde taba posta. Parece ser que nun existe ningún papel qu'acredite a súa existencia pero a verdá é qu'hai abondas probas que lo confirman. Nun hai muitos anos qu'había al pe

parroquial del Monte. D'esta tradición tamén se fai eco el hestoriador D. José Luis Pérez de Castro nel llibro *El Santuario del Monte*. Y... unde lletras falan, *barbas callan* (esto dígolo eu).

Por Santellos, a us cen metros pol sur das casas, pasaba el que chaman *Canal dos Moros*, que fora feito pra llevar el auga a *Os Llagos de Silva* de Salave (Tapia), unde s'usaba pra os trabayos de mineiría dos romanos.

Al norte del pobo temos el monte das *Coronas*. Allí dice a tradición que tían os *moros* un *fuerte* rodiao d'úas xanzas que se poden ver muito ben inda hoi, con úa fondura de cuatro metros en varios sitios. Diciase qu'hasta había un tesouro escondido y tamén úa dama encantada que salía a cantar na noite de San Xuan.

Cuntan qu'había un pino que fía úa siya y allí se sentaba a cantar y peñarse a nosa dama. Eu intentéi por dúas veces ir vella pero nunca fun capaz a chegar porque condo me faltaba pouco entrábame un calorfrío por todo el corpo, a roupa escapábame del peleyo y nun tía más romedio que volverme a abondo más paso que condo iba.